



Tertulias Literarias

PROGRAMACIÓN GRUPO A abril – xuño 2016

13 de abril: entregamos...




La buena reputación, de Ignacio Martínez de Pisón

Premio Nacional de Narrativa 2015. Samuel e Mercedes contemplan con preocupación o futuro das súas dúas fillas ante a inminente descolonización de Marrocos e o regreso dos españois do Protectorado á Península. Estamos en Melilla, son os anos cincuenta e, nese contexto de cambio e incerteza, o matrimonio decide viaxar a Málaga para establecerse nunha España que comeza a abrirse paseniño á modernidade.

Comentario: 27 de abril

Comemoración do Día do Libro

27 de abril: entregamos...




Obra poética de Manuel María

Adícase o ano 2016 á figura de Manuel María no Día das Letras Galegas. Achegarémonos a súa obra poética a través de libros como "Terra Chá", "As rúas do vento ceibe", "Sonetos á casa de Hortas", "O Miño canle de luz e néboa" e diversas antoloxías que cubren diferentes etapas da creación lírica do escritor lucense, voz fundamental na segunda metade do século XX, e tamén cultivador doutros xéneros como o teatro e a narrativa infantil.

Comentario: 11 de maio

Comemoración do Día das Letras Galegas

11 de maio: entregamos...



Alguien, de Alice McDermott

Os recordos aparentemente dispersos e desordenados de Marie Commeford, a protagonista e narradora desta historia, unha neoirquina de orixe irlandesa, envólvennos nunha tea de araña invisible na que se entretecen a infancia, o espertar sexual, os primeiros amores, a maternidade, a formación dunha familia e a vellez. Alice McDermott é gañadora do National Book Award e dúas veces finalista do Pulitzer.

Comentario: 25 de maio

25 de maio: entregamos...



Soy Pilgrim, de Terry Hayes

Nunha praza pública de Arabia Saudita, un home é axusticiado. Nun hotel de Manhattan aparece o corpo sen vida dunha moza sen identificar. En Damasco, un experto en biotecnoloxía é atopado con signos de tortura. En Afganistán, o achado dunha sustancia bacteriolóxica letal desata a alarma. Unha liña invisible conecta todos estes feitos, debuxando un plan perfecto para cometer un monstruoso crime contra a humanidade.

Comentario: 8 de xuño – Remate da tempada